

**ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA**

2003

*MEMORIA
Tomo I*



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Economía e Facenda

MEMORIA

Tomo I

ÍNDICE:

I. OS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2003	
1. <i>Características xerais</i>	3
2. <i>Ámbito, contido e estrutura</i>	5
3. <i>Evolución das principais magnitudes orzamentarias</i>	11
4. <i>O sistema de financiamento autonómico</i>	13
II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL	
1. <i>Ingresos</i>	20
1.1 <i>Análise por capítulos</i>	21
2. <i>Gastos</i>	39
2.1 <i>Clasificación orgánica, económica e funcional do gasto. Análise por capítulos</i>	43
2.2 <i>Variacións na clasificación económica das seccións presupostarias</i>	68
III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS	
1. <i>Organismos Autónomos Administrativos</i>	111
2. <i>Organismos Autónomos Comerciais ou análogos</i>	123
IV. O ORZAMENTO CONSOLIDADO	
1. <i>Ingresos</i>	133
2. <i>Gastos</i>	135
3. <i>A conta financeira</i>	151
V. OS ORZAMENTOS DAS SOCIEDADES PÚBLICAS	
1. <i>Entes públicos</i>	157
2. <i>Sociedades mercantís da Comunidade Autónoma</i>	175
VI. COMENTARIOS Ó TEXTO ARTICULADO DA LEI DE ORZAMENTOS	195

**I. OS ORZAMENTOS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
PARA O ANO 2003**

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

A elaboración dos orzamentos de 2003 ten lugar nun momento onde as incertidumes planteadas en relación coa desaceleración económica e as posibilidades dunha próxima reactivación obrigan a extrema-las cautelas sempre esixidas na formulación das políticas orzamentarias.

No caso de Galicia esa precaución vese incrementada polo nivel de desenvolvemento da súa economía, inmersa nun camiño de homologación cos niveis medios da Unión Europea, dos que a separan todavía algunhas diferencias, e pola configuración da súa estrutura de financiamento, donde a pesar dos significativos avances conseguidos ultimamente aínda pode advertirse unha importante dependencia da transferencia de recursos alleos, que sería ilusorio, ademais de indeseable, pretender manter indefinidamente na contía que actualmente representan.

Conforme a ese marco, os orzamentos do 2003, que continúan incorporando as liñas básicas de orientación da política económica da Xunta de Galicia durante os últimos exercicios, se configuran en torno a dous eixes básicos de actuación.

O primeiro é a prioridade que se lle asigna ó crecemento económico, do que en definitiva dependerán no futuro boa parte das posibilidades de continuar levando a cabo satisfactoriamente as restantes políticas de gasto, e dentro delas as políticas de gasto social e moi especialmente, polos cuantiosos recursos que concentra, a política sanitaria.

O segundo é o compromiso de manter intacto, e incluso reforzado en áreas moi concretas, o nivel de gasto social, factor irrenunciable de solidariedade e cohesión, que responde a principios definitorios firmemente incorporados ó noso modelo de sociedade.

En virtude do primeiro deses criterios refórzanse considerablemente as partidas de gasto destinadas á formación bruta de capital, preferentemente nas

áreas con maior capacidade de incidencia na impulsión dos sectores productivos que permitan mellora-la competitividade e o potencial de desenvolvemento económico, e a través deles a elevación das rendas e a creación de emprego.

Ó servizo desa prioridade estratéxica sitúase tanto o investimento directo, que constitúe o seu núcleo central, como o realizado por medio de sociedades públicas susceptibles de obter financiamento a través do mercado, e a propia utilización de fórmulas de colaboración con empresas privadas, sen esquecer-la importante política de apoio ó investimento empresarial que se contempla nestes orzamentos.

Igualmente válida hai que considera-la resposta obtida polos programas de contido social, entre eles, significativamente, o que atinxe á atención sanitaria, perfectamente homologable en canto ós seus niveis de calidade coa xeneralidade dos existentes no ámbito europeo. Esa atención verase reforzada ademais en programas concretos, como os que recollen actuacións relacionadas coas axudas ás familias, á emigración e á protección dos maiores.

Os orzamentos do ano 2003 desenvólvense no marco derivado do Pacto de Estabilidade e Crecemento e da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, concibidos, dentro da flexibilidade e capacidade de acomodación que permiten os seus propios enunciados, como instrumentos propiciatorios da estabilidade macroeconómica e do crecemento a longo prazo. Inicialmente ofrecen por terceiro ano unha situación inicial de superavit non financeiro, que cubre amplamente esos planteamentos, pero que non impide unha dotación significativa do investimento en infraestrutura e en capital humano, así como a atención dos programas de contido social.

Nese contexto, o cumprimento dos obxectivos planteados implicou necesariamente unha rigurosa aplicación de criterios de austeridade na dotación do gasto corrente non asociado as políticas sociais de carácter fundamental, que deberá ir seguido polo mantemento dunha estricta disciplina de gasto –en tódolos sectores e as áreas de xestión– durante o proceso de execución destes orzamentos.

2. ÁMBITO, CONTIDO E ESTRUCTURA

Nos Orzamentos Xerais do ano 2003 aparecen recollidos os gastos e os ingresos do sector público autonómico, agrupados da seguinte maneira:

- a) Os diferentes departamentos sen personalidade xurídica diferenciada que forman parte da Administración autonómica, así como os organismos e institucións emanados do Estatuto de Autonomía que para os efectos orzamentarios figuran incluídos na Administración Xeral.
- b) Os entes de dereito público que en réxime de descentralización administrativa desempeñan funcións ou actividades de competencia da Comunidade Autónoma recollidos nos orzamentos dos Organismos Autónomos.
- c) As Sociedades Públicas autonómicas, tanto as de carácter mercantil como as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñen que adecua-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado.

No orzamento da Administración Xeral aparecen incluídas en seccións diferenciadas as 14 consellerías que segundo o disposto no Decreto 306/2001, do 15 de decembro, integran a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, os gastos da Débeda Pública da Comunidade Autónoma, as Transferencias ás Corporacións Locais, e os gastos non individualizables que se recollen baixo o epígrafe de Gastos de Diversas Consellerías. Igualmente diferenciados, en seccións aparte, figuran os créditos asignados ó Parlamento, ó Consello de Contas, e ó Consello da Cultura Galega, órganos previstos expresamente ou emanados do Estatuto de Autonomía, que integran os seus orzamentos nos da Comunidade Autónoma aínda que dispoñen de completa independencia funcional.

Os orzamentos dos Organismos Autónomos proporcionan cobertura á actividade económica financeira dos 10 entes de dereito público desta natureza, 7 de carácter administrativo e 3 de carácter comercial, creados pola Administración autonómica cunha finalidade eminentemente instrumental. Tanto eles como as sociedades públicas están concibidos en función das súas características como alternativas para o mellor exercicio das competencias da Comunidade Autónoma e unha máis fácil consecución dos seus obxectivos aínda que sempre sometidos á súa acción tutelar.

No referente ás 35 sociedades públicas orzamentadas hai que distinguir entre as 17 de carácter mercantil, que son aquelas nas que a Comunidade Autónoma, directamente ou a través dos organismos autónomos ou as restantes entidades públicas dela dependentes, posúe a participación maioritaria no seu capital, e as 18 entidades de dereito público que por lei teñen que adecua-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado. As consellerías de Economía e Facenda, de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e a de Sanidade, tutelan e instrumentalizan a maior parte do sector público empresarial da Comunidade Autónoma.

A distribución orgánica da actividade estatutaria, administrativa e empresarial desenvolta polo sector público autonómico, así como a vinculación existente entre as distintas consellerías e os organismos autónomos e as sociedades públicas que tutelan, aparece esquematicamente recollida no cadro que se inclúe a continuación.

Cadro nº 1 **ÁMBITO DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2003**

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OO.AA.		Sociedades Públicas	
<i>SECCIONS</i>	<i>Admtvos.</i>	<i>Com. ind. e financ.</i>	<i>Entes públicos</i>	<i>Sociedades mercantis</i>
Parlamento				
Consello de Contas				
Consello Cultura Galega				
Presidencia Relacións Institucionais e Admón. Pública	EGAP			SA. Desenv. Comarcal S.A. Centro Supercomput. de Galicia
Economía e Facenda	IGE		C. E. S. IGAPE CIXTEC	CEEI Galicia S.A. SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A.
Política Territorial Obras Públicas e Vivenda		IGVS	Portos de Galicia Obras e Serv. Hidrául.	Xestur Coruña S.A. Xestur Lugo S.A. Xestur Ourense S.A. Xestur Pontevedra S.A.
Educación e Ord. Universit.				
Industria e Comercio	IGC		Instituto Enerxético de Galicia.	Galicia Calidade S.A.
Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural		ILGGA	Axencia Galega de Desenv. Rural	Xenética Fontao S.A.
Cultura Comunicación Social e Turismo		IGAEM	CRTVG F. Cidade da Cultura de Galicia	TVG S.A. RTVG S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A. RETEGAL S.A.
Sanidade	SERGAS		-H. Verín -I.G.Oftalmol. -H. V. Xunqueira -H. A Barbanza -E.G.Admón.S -F.P.G.I.Saúde -F.P. Urgencias Sanit.Galicia -F.P. H.C. do Salnés -F.P.C.Transfusión	MEDTEC S.A.
Pesca e Asuntos Marítimos				
Xustiza Interior e Relac. Lab.	AGS			
Familia e Pr. Emprego M. Xuv.	SGPIHM			
Medio Ambiente	Augas de Galicia			SOGAMA S.A.
Asuntos Sociais				
Emigración e Coop. Exterior				
Consello Consultivo de Galicia				
Transferencias a CC.LL.				
Débeda Pública				
Gastos Diversas Consellerías				

No referente ó contido da Lei de orzamentos hai que distinguir dúas partes claramente diferenciadas.

Por un lado o texto articulado, que contén a ordenación xurídica especificamente aplicable ós orzamentos do ano 2003, basicamente a aprobación de ingresos e gastos e as normas de incidencia económico-financeira que se considera necesario establecer en relación coa súa execución.

En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos, que cuantifican e detallan os dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio, así como a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, e os estados financeiros polo que respecta ós organismos autónomos comerciais e ás sociedades públicas.

Cadro nº 2		<i>CONTIDO DA LEI DE ORZAMENTOS XERAIS</i>	
a) Texto articulado	◆ <i>Aprobación dos Orzamentos</i>		
	◆ <i>Previsión de ingresos e autorización de gastos</i>		
	◆ <i>Ordenación xurídica da actividade orzamentaria</i>		
b) Estados numéricos	◆ <i>Estado de gastos</i>		-Da Admón. Xeral
	◆ <i>Estado de ingresos</i>		-Dos OO.AA. Administrativos -Dos OO.AA. Comerciais
	◆ <i>Estados financeiros</i>		-Dos OO.AA. Comerciais -Das Sociedades Públicas

En canto a súa estrutura os orzamentos da Administración Xeral e dos Organismos Autónomos seguen as pautas establecidas no artigo 49 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario.

Os estados de ingresos adoptan unha estrutura relativamente simplificada, agrupándose segundo a súa diferente natureza económica, se ben é certo que dunha forma moito máis detallada que a división entre ingresos correntes e de capital aludida na Lei mencionada.

Cadro nº 3 <i>ESTRUCTURA DO ORZAMENTO DE INGRESOS</i>	
◆ Clasificación económica	<ul style="list-style-type: none"> ◇ Capítulos ◇ Artigos ◇ Conceptos ◇ Subconceptos

A estrutura dos estados de gastos resulta sen embargo bastante máis completa, de acordo co establecido nese mesmo texto legal.

Por unha parte adoptan unha clasificación funcional por programas, establecéndose en cada un deles os obxectivos que se pretende conseguir e, cando resulta posible, os indicadores de seguemento que se consideran máis adecuados para determina-lo grao de consecución deses obxectivos.

Presentan tamén unha clasificación orgánica, na que se identifican os axentes encargados da execución do gasto, agrupados por seccións (consellerías) e servicios (secretarías e direccións xerais, e organismos autónomos).

Finalmente os estados de gastos adoptan unha clasificación económica, distinguindo, dentro dos gastos correntes, ós que se destinan ó

funcionamento dos servizos (persoal e compra de bens e servizos), os gastos financeiros e os que se destinan a transferencias correntes, mentres que dentro dos gastos de capital desagreganse os destinados á realización de investimentos reais, os que se materializan como transferencias, e os que teñen como finalidade a adquisición de activos ou a amortización de pasivos financeiros.

Cadro nº 4 ESTRUCTURA DO ORZAMENTO DE GASTOS	
◆ Clasificación funcional	<ul style="list-style-type: none"> ◇ Grupos de funcións ◇ Funcións ◇ Programas
◆ Clasificación orgánica	<ul style="list-style-type: none"> ◇ Seccións ◇ Servizos
◆ Clasificación económica	<ul style="list-style-type: none"> ◇ Capítulos ◇ Artigos ◇ Conceptos ◇ Subconceptos

Diferente resulta en cambio a estrutura dos orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas, adaptada á descrición dos ingresos e gastos previstos durante o exercicio, ó detalle dos investimentos programados, e á forma na que está previsto o seu financiamento. O orzamento de explotación detalla o contido da conta de igual nome, mentres que no orzamento de capital especificanse as orixes e a aplicación dos seus fondos.

3. EVOLUCIÓN DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

Os orzamentos do ano 2003 ascenden a 7.749.074 miles de euros, que representan un 7,7% de incremento sobre o pasado exercicio. A cifra presupostada situarase en torno ó 21% do PIB de Galicia, suporá un gasto de 2.863 euros por habitante e será superior en máis de dous puntos ó crecemento económico previsto, aínda que se a comparación se realiza unicamente sobre os capítulos non financeiros, que facilitan unha visión máis adecuada da capacidade instrumental dos orzamentos deste exercicio, ese incremento situaríase en liña coa evolución esperada da actividade económica.

Os ingresos non financeiros ascenderán a 7.334.761 miles de euros, cun crecemento do 5,1%. O gasto da mesma natureza situarase en 7.241.372 miles de euros, alcanzando unha variación do 5,0%.

Dentro dese tipo de ingresos, o incremento dos que proceden de operacións correntes, un 4,6%, sobrepasa amplamente o 4,0% de variación ofrecida polo gasto corrente. Desesta forma consiguese un crecemento substancial do aforro, que representa un total de 1.021.689 miles de euros, superior nun 8,2% ó importe alcanzado no ano anterior, en si mesmo representativo dunha cifra dificilmente mellorable.

O gasto de capital, considerado unicamente a través dos capítulos VI e VII, sitúase en 1.713.314 miles de euros, un 8,2% por enriba do ano anterior. Esa cantidade resulta equivalente ó 22,2% do gasto total presupostado e ó 4,7% do PIB estimado para o ano 2003, sobre o que experimenta un crecemento que podería situarse en torno a tres puntos.

A obtención dunha taxa de variación do gasto corrente inferior á ofrecida polos ingresos correntes permite alcanzar por terceiro ano consecutivo

un superávit non financeiro, 93.389 miles de euros, que se destina á adquisición de activos, e fai posible a inexistencia de endebedamento neto.

Dende a perspectiva da clasificación funcional pode advertirse a importancia do gasto social dentro dos orzamentos. Os programas de “Seguridade Protección e Promoción Social” e os destinados á “Producción de Bens Públicos de Carácter Social”, entre os que figuran incluídos “Educación”, “Sanidade” “Cultura”, e “Vivenda”, absorben o 66,1% dos créditos autorizados, porcentaxe que se convertería no 78,7% se non fosen computados os gastos da participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado –que non corresponden a unha verdadeira xestión por parte da Comunidade Autónoma– e o derivado do endebedamento público. O conxunto deste tipo de gastos experimenta unha variación do 4,9% respecto ó 2002, en liña co crecemento esperado da actividade económica e case tres puntos sobre a evolución prevista da taxa de inflación.

Sen embargo, a pesar da atención dedicada a ese tipo de gastos directamente implicado no desenvolvemento de políticas redistributivas e de benestar, os programas que reciben unha maior atención son os máis especificamente vencellados á expansión da actividade económica, á elevación da renda, e á creación de emprego, incluídos nos grupos de funcións de “Produccións de bens públicos de carácter económico”, “Regulación económica de carácter xeral”, “Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial”, e “Plan de crecemento e emprego”, que dispoñen de créditos que superan nun 6,1% ós autorizados inicialmente no exercicio anterior

A continuidade das políticas de austeridade e de control do gasto seguidas dende hai anos en materia presupostaria permitirán tamén neste exercicio un notable crecemento dos investimentos, particularmente do investimento directo de carácter productivo, mantendo ó mesmo tempo a atención tradicionalmente dedicada ós programas de educación e sanidade, incrementando incluso as dotacións destinadas a algunhas das restantes políticas orientadas a solidariedade e ó benestar social.

4. O SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

No ano 2002 entrou en vigor o novo modelo de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común, implantado a raíz do acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 27 de xullo do 2001, e da posterior modificación da LOFCA, por Lei Orgánica 7/2001, seguida pola aprobación da Lei 21/2001, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento.

Coa aprobación dese modelo a estrutura de ingresos da Comunidade Autónoma viuse modificada de forma significativa, incrementándose a súa autonomía financeira como consecuencia do crecemento que experimentan os ingresos propios de carácter tributario, ó mesmo tempo que se produce unha correlativa perda de valor das transferencias entre os mecanismos financeiros.

Esa situación ven provocada polo feito de que á dispoñibilidade dos sete impostos anteriormente cedidos –sucesións, doazóns, patrimonio das persoas físicas, transmisións, actos xurídicos documentados, taxa sobre o xogo e, con carácter parcial o IRPF– hai que engadir agora a ampliación, ata o 33%, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e a cesión total ou parcial da maior parte dos impostos indirectos, entre os que se inclúen o 35 % do IVE, o de maior capacidade recadadora, e o 100 % do imposto de nova creación sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos. En sentido contrario suprímense as transferencias afectadas ó financiamento dos servizos sanitarios e sociais, a causa do carácter integrador do novo modelo, e o transvase de recursos cara a os tributos cedidos orixina unha importante diminución das transferencias percibidas como participación nos ingresos do Estado, que no sucesivo canalízanse a través do Fondo de Suficiencia nunha contía que representa a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma –calculada segundo as regras establecidas no modelo– que non

acada a ser satisfeita polos ingresos procedentes dos tributos cedidos. Como resultado, a capacidade da Comunidade Autónoma para financiarse cos seus propios recursos, que era equivalente ó 14,3 % do total de ingresos non financeiros no ano 1999, que foi tomado como base para o cálculo dos recursos proporcionados polo novo sistema, situarase no ano 2003 nun 40,0%.

	GALICIA. CAPACIDADE DE AUTOFINANCIAMENTO					
	(Miles de euros)					
	1999	%	2002	%	2003	%
- Tributos propios	19.863	0,4	30.003	0,4	35.890	0,5
- Tributos cedidos	640.493	11,3	2.556.419	36,6	2.700.586	36,7
<i>Patrimonio</i>	}	6,2	497.951	7,1	524.331	7,1
<i>Sucesións</i>						
<i>Doazóns</i>						
<i>Transmisións Patrimoniais</i>						
<i>Actos Xurídicos</i>						
<i>Taxa sobre o xogo</i>			647.237	9,3	677.150	9,2
<i>IRPF (33%)</i>						
<i>IRPF (15%)</i>	290.704	5,1				
<i>IVE (35%)</i>			846.231	12,1	895.701	12,2
<i>II. EE. (40%)</i>			391.998	5,6	417.636	5,7
<i>Electricidade (100%)</i>			55.668	0,8	60.454	0,8
<i>Medios de transporte (100%)</i>			70.684	1,0	71.205	1,0
<i>Minorista de hidrocarburos</i>			46.650	0,7	54.109	0,7
- Taxas	88.974	1,6	100.270	1,4	108.354	1,5
- Ingresos patrimoniais	10.157	0,2	11.062	0,2	13.385	0,2
- Alleamento de investimentos reais	46.566	0,8	68.135	1,0	78.104	1,1
TOTAL RECURSOS PROPIOS	806.053	14,3	2.765.888	39,6	2.936.318	40,0
- Participación nos ingresos do Estado	1.787.925	31,7				
- Fondo de suficiencia			2.556.324	36,6	2.650.103	36,2
- Liquidación. Exercicios anteriores			102.343	1,5	115.482	1,6
- Programa Aforro I.T.			19.214	0,3	14.300	0,2
- INSALUD	1.724.822	30,6		0,0		0,0
- Transferencias correntes finalistas	628.282	11,1	724.435	10,4	755.327	10,3
- Transferencias de capital finalistas	40.914	0,7	64.472	0,9	68.188	0,9
- FCI	145.944	2,6	140.595	2,0	155.274	2,1
- Fondos Europeos	367.466	6,5	511.166	7,3	550.027	7,5
- Outros	141.129	2,5	95.115	1,4	89.741	1,2
TOTAL TRANSFERENCIAS	4.836.482	85,7	4.213.664	60,4	4.398.443	60,0
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	5.642.535	100,0	6.979.552	100,0	7.334.761	100,0

Hai que considerar polo tanto, que o novo sistema de financiamento proporciona una estrutura de ingresos moito máis equilibrada que a anterior, e a maior presenza dos tributos cedidos acompañada de diversos grados de capacidade normativa, excepto no caso do IVE e de algúns impostos de fabricación (cervexa, viño e bebidas fermentadas, productos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, hidrocarburos, e labores de tabaco) donde por imperativo da harmonización fiscal da Unión Europea non se ceden ese tipo de competencias, proporciona ademais á Comunidade Autónoma a posibilidade de avanzar, aínda que sexa en pequena medida, no deseño dunha política fiscal propia, adaptada en cada momento ás características e necesidades da súa realidade social e económica.

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade desenvolta pola Comunidade Autónoma canalízase a través do financiamento da Administración Xeral. Pero a importancia dos seus presupostos non se deriva unicamente desa peculiariedade, senón tamén do papel que desempeña no financiamento dos restantes sectores públicos autonómicos.

Polo que respecta ós organismos autónomos ese papel financiador ten unha importancia menos determinante no Instituto Galego da Vivenda e Solo, que obtén cerca do 53% dos seus ingresos por mecanismos alleos ás transferencias, e tamén, aínda que en moita menor medida que no caso anterior, en Augas de Galicia, que xestiona o canon de saneamento do que obterá no ano 2003, xunto as taxas e os xuros de depósitos que tamén percibe, case o 15% dos seus recursos.

En canto ás sociedades públicas a situación é bastante diferente, xa que as vendas de servicios representan, aínda que con intensidade moi diferente en cada unha delas, unha parte apreciable da súa capacidade de xeración de recursos, o que non impide que para o conxunto de todas elas as subvencións de explotación e de capital procedentes da Administración Xeral representen en torno ó 37,40% dos ingresos estimados para o actual exercicio.

No ano 2003 o presuposto da Administración Xeral sen prexuízo das garantías con que se dotan os programas de carácter social, continúa poñendo o acento na política de contención do gasto corrente como medio para conseguir unha capacidade de financiamento que permita potencia-lo gasto en investimentos productivos sen necesidade de recorrer ó crecemento da débeda pública, configurando desa maneira un marco favorable para o desenvolvemento da actividade económica e a creación de emprego na Comunidade Autónoma.

1. INGRESOS

A estimación de ingresos no presuposto da Administración Xeral representa un total de 7.510.294 miles de euros, que supera en 521.203 miles de euros, un 7,5%, á realizada no pasado exercicio.

Cadro nº 6 ORZAMENTO DE INGRESOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL							
Estructura Económica							
Capítulos	2002	2003	Variación 03/02	(Miles de euros)			
				%	Valor relativo		
					2002	2003	
I Impostos directos	800.603	822.702	22.099	2,8	11,5	11,0	
II Impostos indirectos	1.700.475	1.824.354	123.879	7,3	24,3	24,3	
III Taxas, prezos e outros ingresos	145.415	150.513	5.098	3,5	2,1	2,0	
IV Transferencias correntes	3.480.032	3.591.589	111.557	3,2	49,8	47,7	
V Ingresos patrimoniais	9.466	11.500	2.034	21,5	0,1	0,2	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	6.135.990	6.400.658	264.668	4,3	87,8	85,2	
VI Alleamento de investimentos reais	601	700	99	16,5	0,0	0,0	
VII Transferencias de capital	635.542	695.278	59.736	9,4	9,1	9,3	
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	6.772.133	7.096.636	324.503	4,8	96,9	94,5	
VIII Activos financeiros	6.010	10	-6.000	-99,8	0,1	0,0	
IX Pasivos financeiros	210.948	413.648	202.700	96,1	3,0	5,5	
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	216.958	413.658	196.700	90,7	3,1	5,5	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	853.101	1.109.636	256.535	30,1	12,2	14,8	
TOTAL INGRESOS	6.989.091	7.510.294	521.203	7,5	100	100	

Esas previsións apuntan a un comportamento dos tributos cedidos, que crecen un 5,6%, en liña coas expectativas de evolución económica. Pola súa parte a estimación realizada para o conxunto das taxas e prezos e dos tributos propios, favorecida polas cifras proporcionadas polo gravame de contaminación atmosférica, increméntase un 7,7%. O concepto de maior importancia cuantitativa, o Fondo de Suficiencia experimentará un aumento do 3,7%, idéntico –coa corrección derivada da incorporación do coste dos “Profesores de relixión” á base de cálculo– ó estimado para os ingresos tributarios do Estado, ós que figura vinculado en canto á súa evolución. As transferencias procedentes dos Fondos

européos crecerán un 7,6%. E as do Fondo de Compensación Interterritorial ofrecerán un incremento do 10,4% sobre o ano anterior.

Os pasivos financeiros experimentan un sensible aumento en relación co pasado exercicio, pero a súa importancia, a efectos de financiamento, resulta irrelevante, por canto se corresponden co importe das dotacións destinadas á amortización da débeda nos estados de gastos destes presupostos.

1.1 ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. Impostos directos

A previsión de ingresos no capítulo I ascende a 822.702 miles de euros, que representa un incremento do 2,8% sobre o ano anterior. A caída experimentada no rendemento do imposto de sucesións e doazóns, ocasionada polos motivos que se expondrán máis adiante, penaliza o comportamento de imposición directa no actual exercicio.

Cadro nº 7							
CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS							
Distribución Económica. Variacións 2002-2003.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2002	2003	Variación 03/02		Valor Rela.		
			Importe	%	2002	2003	
100 Sobre a renda das persoas físicas	647.237	677.150	29.913	4,6	80,8	82,3	
110 Sucesións e doazóns	111.896	99.652	-12.244	-10,9	14,0	12,1	
111 Patrimonio das persoas físicas	41.470	45.900	4.430	10,7	5,2	5,6	
TOTAL	800.603	822.702	22.099	2,8	100	100	

Cadro nº 8			
CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS			
Distribución económica. Evolución 1999-2001.			
(Miles de euros)			
Conceptos	1999	2000	2001
100 Sobre a renda das persoas físicas	290.704	297.495	324.211
110 Sucesións e doazóns	70.919	80.415	84.743
111 Patrimonio das persoas físicas	31.854	34.859	38.465
TOTAL	393.477	412.769	447.419

Tramo autonómico do Imposto sobre a renda das persoas físicas

A Lei de Presupostos xerais do Estado para o ano 2003 inclúe a actualización dos coeficientes correctores do valor de adquisición, para os efectos do cálculo das ganancias ou perdas patrimoniais derivadas da transmisión de bens inmobles. Igualmente establece, destinadas ós contribuíntes que reúnan determinados requisitos, as regras de compensación fiscal ós arrendadores de vivenda habitual no 2002, e de compensación fiscal por deducións en adquisición de vivenda habitual no mesmo exercicio.

En uso da capacidade normativa da Comunidade Autónoma a Lei de Medidas Fiscais e de Réxime Administrativo establece, como no ano anterior, unha prestación familiar por coidado de fillos menores de 3 anos, prevista para ás persoas que estiveron o seu cargo e non estiveran obrigadas a presenta-la declaración do imposto sobre a renda. Por outra parte, recoñece o dereito que asiste os contribuíntes que no ano 2001 tiveran dereito á dedución por nacemento ou adopción de fillos, a practicar no ano 2003 idéntica dedución.

A recadación prevista por este imposto increméntase nun 4,6% sobre a estimada inicialmente no exercicio anterior.

Imposto sobre sucesións e doazóns

A Lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, que acompaña ós Orzamentos do Estado, introduce algunhas novidades neste tributo. Entre elas figuran as modificacións que afectan á tributación do dereito de nuda propiedade, así como o cálculo da base liquidable no suposto de acumulación de doazóns, aclarándose, por outra parte, os supostos de responsabilidade subsidiaria de determinados intermediarios.

Pola súa parte, a Lei de Medidas Fiscais e de Réxime Administrativo, da Comunidade Autónoma amplía o tratamento fiscal que se estableceu no exercicio anterior para as transmisións “mortis causa” das explotacións agrarias e das empresas de reducida dimensión, ás transmisións de participacións “inter vivos”, conforme ós requisitos que se establecen na mesma lei.

Introdúcense igualmente diversas medidas de carácter técnico para a mellora da xestión tributaria, tanto con respecto ó imposto sobre transmisións patrimoniais como en relación co imposto sobre sucesión e doazóns, referidas entre outros extremos ás presentacións das declaracións, ou das declaracións-liquidacións, así como tamén a novidade de que o Conselleiro de Economía e Facenda poida autoriza-la súa presentación por vía telemática.

Polo que respecta á previsión orzamentaria, a súa contía descende un 10,9% en relación co ano anterior. Nese exercicio desenvolveuse nas oficinas xestoras un Plan especial para aborda-lo problema da acumulación de expedientes, incrementándose o ritmo da actividade ata conseguir un descenso notable dos expedientes acumulados. Rematado ese plan especial volverase neste exercicio ós niveis normais de actividade.

Imposto sobre o patrimonio das persoas físicas.

Non existen novidades de tipo normativo neste tributo. O seu comportamento recadatorio segue unha liña ascendente, mantendo a tendencia que ven experimentando este imposto dende hai algún tempo.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Os ingresos presupostados neste capítulo ascenden a 1.824.354 miles de euros, que representa un incremento do 7,3% con respecto á previsión do exercicio precedente.

Cadro nº 9		CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS					
		Distribución Económica. Variacións 2002-2003.				(Miles de euros)	
Conceptos	2002	2003	Variación 03/02		Valor Rel.		
			Importe	%	2002	2003	
200 Sobre transmisións intervivos	155.788	171.567	15.779	10,1	9,2	9,4	
201 Sobre actos xuríd. documentados	111.265	129.534	18.269	16,4	6,5	7,1	
210 Sobre o valor engadido	846.231	895.701	49.470	5,8	49,8	49,1	
220 Impostos especiais	518.351	549.295	30.944	6,0	30,5	30,1	
221 Imposto minorista de hidrocarburos	46.650	54.109	7.459	16,0	2,7	3,0	
290 Tributación aut. sobre o xogo	6.263	4.846	-1.417	-22,6	0,4	0,3	
291 Grav. sobre contaminac. atmosférica	15.927	19.302	3.375	21,2	0,9	1,0	
TOTAL	1.700.475	1.824.354	123.879	7,3	100	100	

Cadro nº 10

CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

Distribución económica. Evolución 1999-2001.

(Miles de euros)

Conceptos	1999	2000	2001
200 Sobre transmisións intervivos	103.674	113.838	147.873
201 Sobre actos xuríd. documentados	79.634	87.471	76.605
290 Tributación aut. sobre o xogo	4.508	4.508	5.229
291 Grav. sobre contaminac. atmosférica	15.356	16.828	15.927
TOTAL	203.172	222.645	245.634

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Aínda que a súa significación económica é moi escasa, hai que mencionar que na Lei de presupostos xerais do Estado, actualízanse as tarifas das transmisións e rehabilitacións de títulos e grandezas, en función da taxa de inflación esperada.

Por outra parte, na Lei de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social introdúcense algunhas modificacións de carácter técnico. Nese sentido, acláranse as normas relativas á base imponible nos préstamos hipotecarios ou con outra garantía e tamén nos supostos de posposición e mellora das hipotecas. Aclárase así mesmo a esixibilidade da cota gradual do concepto de actos xurídicos documentados para documentos notariais inscribibles no Rexistro de Bens Mobles. Suprímese o feito imponible relativo ó concepto de actos xurídicos documentados nas copias de escrituras que documenten o cambio de valor das accións ou o cambio da súa condición de nominativas ou ó portador. E por último, establécese a obriga de nomear representante por parte dos contribuíntes non residentes, fixando como domicilio fiscal destes, no caso de non designar representante, o inmovible obxecto da transmisión.

As estimacións sobre os dous conceptos deste imposto prevén un incremento do 12,7% con respecto o exercicio anterior.

Gravame sobre a contaminación atmosférica

A previsión de ingresos sitúase nun 21,2% sobre o ano anterior, debido á modificación das tarifas, e dos tramos ás que se aplican, vixentes dende o ano 1995, levada a cabo pola Lei de Medidas Fiscais e de Réxime Administrativo.

Tributación autonómica sobre o xogo

Afecta este concepto ó imposto autonómico sobre o bingo. Non existen novidades normativas.

A previsión de ingresos realizada experimenta un importante descenso, en consonancia coas expectativas en declive da capacidade recadatoria desta figura tributaria.

Outros tributos

Con referencia os demais conceptos tributarios deste capítulo cabe indicar que a súa presupostación ten lugar en virtude da modificación do sistema de financiamento das comunidades autónomas, que determinou a cesión do imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial e co límite do 35%; do imposto sobre a cervexa, co límite do 40%; do imposto sobre produtos intermedios, co límite do 40%; do imposto sobre alcoholes e bebidas derivadas, co límite do 40%; do imposto sobre hidrocarburos, co límite do 40%; do imposto sobre labores do tabaco, co límite do 40%; e por último, do imposto sobre a electricidade, do imposto especial sobre determinados medios de transporte, e do imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, donde se cede a totalidade do rendemento producido por esas figuras tributarias no territorio da Comunidade Autónoma.

Como novidade normativa, a Lei de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, do Estado, modifica os tipos impositivos do imposto sobre hidrocarburos, introducindo por outra parte no imposto de vendas minoristas de hidrocarburos pequenas modificacións para reduci-lo tipo impositivo aplicable ó

gas licuado do petróleo utilizado como carburante de uso xeral, e para reduci-lo tipo impositivo do queroseno utilizado como combustible de calefacción.

CAPÍTULO III. Taxas prezos e outros ingresos

Os ingresos previstos neste capítulo ascenden a 150.513 miles de euros, que representan un incremento do 3,5% sobre o pasado exercicio.

Taxas e prezos

O incremento dos ingresos previstos por taxas, un 2,3%, está orixinado pola modificación das tarifas de contía fixa, que se inclúe na Lei de Orzamentos deste exercicio.

Pola súa parte a estimación dos prezos públicos e privados ofrece en conxunto unha variación do 2,5% sobre o ano 2002.

Cadro nº 11		CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS					
Distribución Económica. Variacións 2002-2003.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2002	2003	Variación 03/02		Valor Rel.		
			Importe	%	2002	2003	
301 Taxas por servicios administrativos	7.765	7.500	-265	-3,4	5,3	5,0	
302 Taxas por servicios profesionais	12.597	13.324	727	5,8	8,7	8,9	
303 Taxa por venda de bens	72	75	3	4,0	0,0	0,0	
311 Prezos públicos	13.403	14.339	936	7,0	9,2	9,5	
312 Prezos privados	7.002	6.575	-427	-6,1	4,8	4,4	
320 Taxas sobre o xogo	77.531	77.677	146	0,2	53,3	51,6	
380 Reintegros de exercicios pechados	6.180	6.402	222	3,6	4,3	4,3	
381 Reintegros do orzamento corrente	4.401	4.559	158	3,6	3,0	3,0	
391 Xuros de demora	1.623	1.681	58	3,6	1,1	1,1	
392 Sancións impostas polas Consell.	12.711	13.168	457	3,6	8,8	8,7	
399 Ingresos diversos	2.130	5.213	3.083	144,7	1,5	3,5	
TOTAL	145.415	150.513	5.098	3,5	100	100	

Cadro nº 12

CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

Distribución económica. Evolución 1999-2001.

Conceptos	(Miles de euros)		
	1999	2000	2001
301 Taxas por servicios administrativos	5.559	5.559	7.302
302 Taxas por servicios profesionais	16.233	16.233	12.171
303 Taxa por venda de bens	445	444	60
311 Prezos públicos	10.818	11.118	12.922
312 Prezos privados	5.109	6.010	6.341
320 Taxas sobre o xogo	63.707	63.707	63.707
380 Reintegros de exercicios pechados	6.073	6.532	6.833
381 Reintegros de orzamento corrente	4.048	4.435	4.736
391 Xuros de demora	1.352	1.406	1.406
392 Sancións impostas polas Consell.	10.764	10.764	11.365
399 Ingresos diversos	1	1	1
TOTAL	124.109	126.213	126.844

Taxa sobre o xogo

En uso das competencias normativas que corresponden á Comunidade Autónoma a Lei de Medidas Fiscais e de Réxime Administrativo modifica os tipos de gravame nos casinos de xogo e as cotas fixas aplicables ás máquinas recreativas.

As previsións de ingresos manteñen practicamente estacionaria a cifra do ano anterior.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Os ingresos previstos en concepto de transferencias correntes ascenden a un total de 3.591.589 miles de euros, que representan un incremento do 3,2% sobre os orzamentos do ano 2002.

Nunha gran proporción os ingresos do capítulo IV identifícanse como transferencias da Administración central do Estado.

A pesar de que o novo sistema de financiamento aprobado pola Lei 21/2001 reforzou considerablemente a presenza dos ingresos tributarios, as

transferencias procedentes do Estado continúan a ter unha importancia considerable dentro dos recursos dispoñibles pola Comunidade Autónoma para facer fronte ó desenvolvemento das súas competencias, de forma que no ano 2003 constituirán o 98% dos ingresos deste capítulo e o 49,61% do total dos ingresos non financeiros, experimentando un incremento de 137.812 miles de euros, un 4,1%, sobre os orzamentados inicialmente no exercicio anterior.

Cadro nº 13		CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES					
		Distribución Económica. Variacións 2002-2003.				(Miles de euros)	
Conceptos		2002	2003	Variación 03/02		Valor Rela.	
				Importe	%	2002	2003
400	Participación ingresos do Estado	2.658.666	2.765.585	106.919	4,0	76,4	77,0
402	Particip. CC.LL. tributos do Estado	597.526	628.419	30.893	5,2	17,2	17,5
403	Subvencións finalistas	126.909	126.909	0	0,0	3,6	3,5
407	Programa aforro I.T.	19.214	0	-19.214	-100,0	0,5	0,0
409	Custo novas transferencias	9.075	0	-9.075	-100,0	0,3	0,0
410	De OO. AA. administrativos	1.503	2.200	697	46,4	0,0	0,1
422	Do ISM	1.863	1.896	33	1,8	0,1	0,1
490	Do Fondo Social Europeo	65.276	66.580	1.304	2,0	1,9	1,8
TOTAL		3.480.032	3.591.589	111.557	3,2	100	100

As modificacións introducidas polo novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas, aprobado pola Lei 21/2001, trasladaron cara a os tributos cedidos boa parte dos recursos anteriormente canalizados a través deste capítulo, que sen embargo resultou reforzado en canto á presupostación da Administración Xeral pola integración no sistema xeral de financiamento dos recursos adscritos á xestión dos servizos sanitarios da Seguridade Social, que ata ese momento figuraban diferenciados e aparecían consignados directamente nos orzamentos do SERGAS.

A maior parte dos recursos percibidos en concepto de “Participación nos ingresos do Estado” corresponden ó chamado “Fondo de suficiencia”, no que se inclúen os recursos asignados polo sistema que non alcanzan a ser proporcionados pola vía dos tributos cedidos, e que respecto ó ano anterior experimentan un incremento do 3,7% equivalente á variación prevista para os

ingresos tributarios do Estado (ITE n), unha vez descontada a repercusión da incorporación á base de cálculo dos recursos correspondentes ó financiamento dos “profesores de relixión” que non figuraban incluídos no Fondo durante o pasado exercicio. As estimacións da participación nos ingresos estatais complétanse coas cantidades que se espera percibir como liquidación do ano 2001. Para o conxunto dos ingresos presupostados neste concepto establécese unha previsión de crecemento do 4,0% en relación co pasado exercicio.

Cadro nº 14

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Distribución económica. Evolución 1999-2001.


Conceptos	(Miles de euros)		
	1999	2000	2001
400 Participación ingresos do Estado	1.787.925	1.929.189	2.095.758
402 Participac. CC.LL. ingresos Estado	491.039	500.859	548.724
403 Subvencións finalistas	137.243	146.036	150.397
408 Outras transferencias non finalistas	12.020	13.222	19.833
409 Custo novas transferencias	0	0	8.366
410 De OO. AA. administrativos	0	1.202	1.713
420 Do IMSERSO	65.760	66.876	69.818
422 Do ISM	0	2.004	2.296
441 Doutras entes públicos	9.700	0	0
461 De Deputacións	30	30	0
490 Do Fondo Social Europeo	52.215	37.984	66.195
491 Iniciativa Emprego	3.270	2.657	0
492 Adapt	1.195	0	0
493 Interreg	167	0	0
494 Iniciativa comunitaria Pesca	391	0	0
TOTAL	2.560.955	2.700.059	2.963.100

A “Participación das Corporacións Locais nos Tributos do Estado” experimenta un incremento do 5,2%. O papel da Administración autonómica na xestión deste tipo de recursos é basicamente de intermediación, xa que segundo o establecido no artigo 49.2 do Estatuto de Autonomía os ingresos dos entes locais de Galicia consistentes na participación nos ingresos estatais percíbense a través da Comunidade Autónoma, que os distribúe de acordo cos criterios legais establecidos.

As subvencións de carácter finalista son o último dos grandes conceptos presupostados como transferencias da Administración central do Estado. Na súa maior parte repártense entre as que corresponden á realización de actividades de formación profesional, financiadas polo Instituto Nacional de Emprego, e as asignadas ó pago de pensións non contributivas do Fondo Nacional de Asistencia Social, que son abonadas a enfermos incapacitados sen dereito a percibi-las de ningún outro sistema de previsión. A estimación de ingresos correspondentes a subvencións finalistas sitúase en 126.909 miles de euros, importe coincidente co orzamentado no exercicio precedente.

Aínda que a considerable distancia das que teñen a súa orixe na Administración Central do Estado, as transferencias correntes procedentes da Unión Europea aportan unha cifra significativa na composición do capítulo IV de ingresos.

Gráfico nº 1



Estas transferencias corresponden integramente á programación do Fondo Social Europeo, que financia actuacións de desenvolvemento e promoción de políticas activas destinadas a combater-lo desemprego así como de fomento e mellora da educación e da formación profesional. As achegas previstas para o actual exercicio representa 66.580 miles de euros, cifra que representa un incremento do 2% sobre a estimada inicialmente no ano 2002.

Finalmente os ingresos deste capítulo complétanse coas transferencias procedentes do Instituto Social da Mariña que financian os servizos sociais transferidos desde ese organismo á Comunidade Autónoma, non incluídos no sistema xeral de financiamento, e coa aportación de remanentes de tesourería procedentes de Organismos Autónomos. O primeiro deses conceptos increméntase un 1,8% sobre o pasado exercicio, mentras que esa variación se sitúa nunn 46,4% polo que respecta ós remanentes de tesourería indicados.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

Teñen ese carácter as rendas producidas en favor da Comunidade Autónoma como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos integrados no seu patrimonio.

Cadro nº 15		CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS					
Distribución Económica. Variacións 2002-2003.							(Miles de euros)
Conceptos	2002	2003	Variación 03/02		Valor Rel.		
			Importe	%	2002	2003	
520 Xuros de contas bancarias	9.406	9.808	402	4,3	99,4	85,3	
599 Outros	60	1.692	1.632	2715,9	0,6	14,7	
TOTAL	9.466	11.500	2.034	21,5	100	100	

A maior parte deses ingresos corresponden ós xuros devengados polas contas operativas que mantén abertas o Tesouro en entidades financeiras, efectuándose a previsión realizada en función dunha adecuada xestión de tesourería e da estabilidade ou dunha mínima evolución á alza dos tipos de interese.

No concepto de “Outros ingresos patrimoniais” orzaméntanse ademais cantidades correspondentes a diversos conceptos entre os que figura a estimación de ingresos procedentes de concesións administrativas de permisos de explotación e de aproveitamentos especiais de carácter agrícola e forestal.

Cadro nº 16		CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS		
Distribución económica. Evolución 1999-2001.				
(Miles de euros)				
Conceptos	1999	2000	2001	
520 Xuros de contas bancarias	8.414	9.616	9.941	
599 Outros	601	601	601	
TOTAL	9.015	10.217	10.542	

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Os ingresos deste capítulo corresponden ás previsións realizadas pola venda de soares e predios rústicos que figuran no patrimonio inmobiliario da Comunidade Autónoma, resultando innecesario ou antieconómico o seu mantemento nesa situación.

Dentro dos orzamentos da Administración Xeral teñen un carácter completamente atípico, do que se deriva a súa escasa significación, en contraposición á considerable importancia que revisten dentro dos orzamentos do Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo autónomo de carácter comercial ó que se fai referencia noutro apartado desta Memoria.

Cadro nº 17		CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS					
Distribución Económica. Variacións 2002-2003.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2002	2003	Variación 03/02		Valor Rela.		
			Importe	%	2002	2003	
600 Venda de soares	601	650	49	8,2	100,0	92,9	
601 Venda de predios rústicos	0	50	50		0,0	7,1	
TOTAL	601	700	99	16,5	100	100	

Cadro nº 18

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Distribución económica. Evolución 1999-2001.

(Miles de euros)

Conceptos			
	1999	2000	2001
600 Venda de solares	180	120	180
601 Venda de fincas rústicas	421	180	0
TOTAL	601	300	180

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Aparecen recollidas neste capítulo as previsións de ingresos destinados ó financiamento de gastos de capital, que polo que respecta ó ano 2003 serán transferidos exclusivamente desde diferentes organismos e administracións do sector público. Estas transferencias constituirán xunto cos recursos obtidos en concepto de aforro orzamentario o principal soporte da actividade investidora da Comunidade Autónoma, por canto, como xa se ten indicado, durante este exercicio tampouco se fará uso da posibilidade de recorrer ó endebedamento como fórmula de financiamento dos gastos de investimentos.

Cadro nº 19

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Distribución Económica. Variacións 2002-2003.

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	Variación 03/02		Valor Rela.	
			Importe	%	2002	2003
700 Do FCI	140.595	155.274	14.679	10,4	22,1	22,3
702 Subvencións Finalistas	47.978	54.933	6.955	14,5	7,6	7,9
761 De Deputacións	1.078	1.623	545	50,6	0,2	0,2
790 FEDER. P.O.	169.429	172.686	3.257	1,9	26,7	24,9
791 Iniciativa Interreg	0	13.732	13.732		0,0	2,0
792 FEOGA	168.585	178.784	10.199	6,0	26,5	25,7
793 Fondos de Cohesión	30.815	41.236	10.421	33,8	4,8	5,9
794 IFOP. P.O. I	77.061	77.009	-52	-0,1	12,1	11,1
TOTAL	635.542	695.278	59.735	9,4	100	100

Os ingresos estimados por este concepto sitúanse en 695.278 miles de euros que superan nun 9,4% a cifra orzamentada no ano anterior.


Polo que respecta á súa orixe, a participación maioritaria, 483.447 miles de euros, un 69,5% das transferencias de capital, corresponde ás achegas procedentes da Unión Europea realizadas dentro do marco das políticas estruturais de apoio á cohesión económica e social dos Estados membros encamiñadas a reduci-las diferencias de desenvolvemento existentes entre as distintas rexións comunitarias. O Estado aporta pola súa parte, a través do Fondo de Compensación Interterritorial e das subvencións finalistas de distintos Ministerios, un total de 210.207 miles de euros, equivalentes a un 30,2% dos recursos incluídos neste capítulo, mentras que 1.623 miles de euros, o 0,2% restante, corresponde a transferencias das Deputacións Provinciais.

